

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCA O 4º CONCURSO PÚBLICO PARA A CONTRATACIÓN DE PROFESORADO AXUDANTE DOUTOR. CURSO ACADÉMICO 2024-2025

O 27 de novembro de 2024, asinouse o Convenio entre o Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e as universidades da Coruña, Vigo e Santiago de Compostela para a execución do Programa de Incorporación de Talento docente e Investigador ás Universidades Públicas Españolas, en execución do disposto no Capítulo IV da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario. Ao abeiro deste programa, e tal como figura no anexo do convenio, corresponden ás universidades públicas do SUG un total de 166 novas prazas de axudante doutor, das que 64 serán destinadas á Universidade de Vigo, 39 financiadas polo MICIU durante os seis anos de duración dos contratos desta categoría docente, e as 25 restantes a financiar pola propia comunidade autónoma.

O 30 de decembro de 2024, a Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia acordou autorizar a convocatoria e provisión de 39 prazas de profesorado axudante doutor que serán financiadas con fondos dos orzamentos xerais do Estado, ao abeiro do Convenio asinado o 27 de novembro de 2024, así como a convocatoria e provisión de 3 prazas de profesorado axudante doutor que serán financiadas con fondos dos orzamentos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, ao abeiro do Convenio asinado o 27 de novembro de 2024.

En base a todo o anterior, a Universidade de Vigo resolveu convocar concurso público, polo procedemento de urxencia, para estas 42 prazas co fin de cubrir necesidades docentes existentes para o curso académico 2024-2025 mediante a contratación en réxime laboral de **profesorado axudante doutor** nas áreas que se relacionan no anexo I (dividido en dous bloques: 2024-MG-M e 2024-MG-X).

Este concurso rexeráse polo disposto na Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario (LOSU) e, en tanto non se opoñan ao establecido nela, polo Decreto 266/2002, do 6 de setembro, da Xunta de Galicia sobre contratación de profesorado universitario, polo II Convenio Colectivo para o persoal docente e investigador das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, polos Estatutos da Universidade de Vigo e pola normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios, e ás categorías de profesorado permanente laboral e de profesorado axudante doutor da Universidade de Vigo (aprobada no Consello de Goberno 20 de decembro de 2024); e desenvolverase de acordo coas seguintes

B A S E S

Primeira. Requisitos de participación.

1. De acordo cos artigos 56 e 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o artigo 78 da LOSU e demais normativa de aplicación, as persoas que desexen participar no presente concurso deberán reunir os seguintes requisitos:



- a) Ter nacionalidade española ou ser nacional dun estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores e traballadoras nos termos en que esta se atopa definida no Tratado Constitutivo da Unión Europea.

Tamén poderán participar o cónxuxe, descendentes e descendentes do cónxuxe, das persoas con nacionalidade española e de quen sexa nacional doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, menores de vinte un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas. Este último beneficio será igualmente de aplicación a familiares de nacionais doutros estados cando así se prevea nos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España.

Finalmente, tamén poderán participar os estranxeiros con residencia legal en España.

- b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non ter superado os sesenta e cinco.
- c) Estar en posesión do título de doutor/a, de conformidade co artigo 78.a) da LOSU. No caso de títulos obtidos no estranxeiro deberá achegarse a credencial que acredite a súa homologación.
- d) Non ter sido separadas do servizo, mediante expediente disciplinario, de ningunha administración pública, nin atoparse inhabilitadas para o exercicio das funcións públicas. Quen sexa aspirante de nacionalidade distinta á española deberá acreditar non estar baixo sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- e) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións docentes.
- f) No caso de ser persoal da UVigo, pertencer a unha categoría distinta da praza convocada.

2. As persoas candidatas acreditarán un **coñecemento suficiente ben do español** (nivel B2 ou superior mediante un algún dos certificados incluídos na táboa de acreditacións aceptadas pola Asociación de Centros de Linguas na Ensinanza Superior [ACLES]) **ben do galego** (Celga3 ou superior consonte coa normativa autonómica aplicable). Estarán eximidas da acreditación do coñecemento do español as persoas candidatas que sexan nacionais de Estados que teñen o español como lingua oficial.

A Universidade disporá os medios necesarios para que o profesorado seleccionado que inicialmente non poida acreditar algunha das dúas linguas oficiais estea en condicións de facelo antes de transcorridos dous anos dende a contratación, de tal xeito que dous anos tras o nomeamento teña as competencias requiridas tanto en lingua española como galega.

3. Todos os requisitos deberán posuírse con referencia á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata a data de formalización dos contratos. Os documentos acreditativos deberán estar actualizados ao devandito prazo e, de estaren redactados en idiomas distintos do galego ou do castelán, deberán presentarse acompañados de tradución por intérprete xurado.

Segunda. Dereitos de exame.

1. Os dereitos de exame para cada referencia/praza (2024-MG-M ou 2024-MG-X) serán de **44,17 euros**. O pagamento deberase levar a cabo no prazo de presentación de instancias ao que fai referencia a base 3.1. **A falta de pagamento dos dereitos de exame en prazo non é reparable e**



determinará a exclusión definitiva do concurso de quen sexa aspirante, agás que acredite o pago ou a exención da citada taxa.

2. A liquidación de taxas realizarase a través da aplicación de inscrición, **podendo aboarse** o importe correspondente **ben en efectivo ben con tarxeta**.

En efectivo, e empregando o impreso de liquidación obtido a través da aplicación de inscrición, poderase facer unicamente nalguna das entidades bancarias colaboradoras coa UVigo: Abanca, Banco Santander ou CaixaBank. Non será admisible o pagamento realizado a través de calquera outra entidade distinta das enumeradas.

Con tarxeta realizarase a través da aplicación informática de inscrición, que permitirá seleccionar esta opción, sendo preciso seguir con atención o proceso ata súa finalización, comprobando que o pago foi feito correctamente.

3. Segundo o disposto no artigo 23 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentas do pagamento as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% e os membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial. Aplicarase unha bonificación do 50% na taxa de inscrición aos membros de familias numerosas de categoría xeral. Nos tres supostos será necesario que coa solicitude se presenten as respectivas **certificacións que o acrediten**.

Así mesmo, terán unha bonificación do 50% da taxa as persoas que figurasen como demandantes de emprego dende, polo menos, os seis meses anteriores á data de publicación da presente convocatoria e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego. **As dúas condicións** deberán ser **certificadas pola oficina dos servizos públicos de emprego**.

4. De conformidade co disposto na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos procederá a devolución das taxas de participación cando non se realice o feito imponible por causas non imputables ao suxeito pasivo, debendo a persoa interesada solicitar a devolución e achegar os datos necesarios para a transferencia bancaria correspondente. Polo tanto, non procederá a devolución nos supostos de exclusión definitiva por causa imputable á persoa interesada.

Terceira. Prazo e proceso de presentación de instancias e de documentación

1. O prazo de presentación de solicitudes de participación é de **vinte (20) días hábiles** contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

2. Para solicitar a participación neste concurso, as persoas interesadas deberán **cubrir previamente**, para cada referencia/praza, e en todo caso durante o prazo indicado na base 3.1, o **formulario** que se establece especificamente e que estará dispoñible a través dos enlaces indicados no apartado "Observacións" da información electrónica desta convocatoria (accesible na web <http://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index> filtrando por Tipo: "Concursos de profesorado" e empregando como palabra chave "2024-MG"). Esta mesma aplicación permitirá levar a cabo a liquidación dos dereitos de exame á que se fai referencia na base segunda.

3. A solicitude xerada a través da inscrición anterior deberá ser **presentada**, en todo caso durante o prazo indicado na base 3.1, **na sede electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>), mediante o procedemento específico SPDI – 4º Concurso público para a contratación de profesorado axudante doutor. Curso 2024-2025.

Durante este paso achegaranse en **formato PDF** os seguintes documentos (deben terse en conta os límites de tamaño por documento e en conxunto indicados na propia sede), sendo **causa**



de exclusión a falta dalgún deles:

- a) Copia da **solicitud** xerada na fase de inscrición.
 - b) Copia simple do documento acreditativo da **identidade** (DNI, NIE, pasaporte....).
 - c) Copia simple do **título de doutor/a**, ou da certificación de expedición do título, ou de ser o caso, da credencial de homologación ou o seu recoñecemento para o exercicio como docente de universidade expedida polo Ministerio de Educación.
 - d) **Declaración xurada** de non ter superado o período de seis anos de contrato laboral como profesorado axudante doutor por esta ou outras universidades españolas. Esta declaración presentárase de acordo co modelo do **anexo III**.
 - e) No caso de persoas aspirantes estranxeiras de Estados que non teñan o español como lingua oficial, **acreditación de coñecemento do español ou do galego** nos termos da base 1.2.
 - f) No caso de **exención** total ou parcial **de taxas, documentación xustificativa**.
4. De conformidade co disposto no artigo 16.8 da Lei 39/2015 (LPACAP), carecerá de validez e eficacia a presentación de solicitudes e a realización de calquera acto efectuado a través de medios distintos aos indicados nos puntos anteriores.

Cuarta. Relación de persoas admitidas e excluídas.

1. No prazo máximo de quince (15) días hábiles dende o remate do prazo de presentación de solicitudes publicárase nos lugares indicados na base 9.1, a relación provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación dos motivos de exclusión. Quen figurase excluído/a disporá dun prazo de **cinco (5) días hábiles para a subsanación das causas de exclusión** indicadas, a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>), empregando o procedemento SXER - Instancia xenérica, dirixida ao servizo de Persoal Docente e Investigador e con indicación da referencia da praza.
2. Posteriormente ditarase unha resolución reitoral aprobando a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas. As reclamacións presentadas contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

Quinta. Desenvolvemento da fase de concurso.

1. Aspectos xerais do funcionamento da comisión.
- 1.a. Categoría. A composición das comisións é a que figura no anexo II desta convocatoria e terá a categoría primeira das recollidas no artigo 30 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.
- 1.b. Sede. Salvo pedimento expreso da presidencia e debidamente autorizada, cada comisión terá a súa sede e actuará no centro no que teña a súa sede o departamento ao que está adscrita a praza convocada.
- 1.c. Réxime de asistencia virtual ou presencial. Os concursos realizaranse nas dependencias da Universidade de Vigo, foren virtuais ou físicas, de acordo co disposto pola normativa de concursos e, de ser o caso, pola presidencia da correspondente comisión atendendo ao seguinte:
- a) Desenvolveranse de forma virtual, a través do Campus Remoto da Universidade de Vigo, os actos de constitución e presentación de documentación por candidatos e candidatas.



- b) Desenvolverase de forma mixta o acto de defensa ao que se refire a base 5.5, de modo que será virtual, a través do Campus Remoto da Universidade de Vigo, para os membros da comisión que non pertencen á Universidade de Vigo; e presencial, na dependencia física da Universidade de Vigo que estableza a presidencia, para candidatos e candidatas e para os membros da comisión que pertencen á Universidade de Vigo.

En caso de que tódolos integrantes da comisión foren externos, presidente/a ou secretario/a deberán estar presentes no acto de defensa na dita dependencia física.

1.d. Funcións da secretaría. Á persoa que ostente a secretaría de cada comisión corresponderlle as actuacións administrativas e maila xestión económica propias da comisión, auxiliada polo persoal de administración e servizos do departamento ao que estea adscrita a praza.

1.e. Réxime xurídico aplicable e facultades de interpretación. A actuación da comisión axustarase en todo momento ao disposto na LPACAP e na LRXSP. Durante o desenvolvemento do concurso a comisión resolverá as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas normas, así como o que proceda nos casos non previstos nelas.

2. Constitución da comisión.

2.a. Prazo. As comisións deberán constituírse no prazo de quince (15) días dende a publicación da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas. Transcorrido o prazo sen que se constituíse, o Reitor procederá á substitución da persoa que exerza a presidencia titular.

2.b. Composición. A constitución de cada comisión esixirá a asistencia de cinco dos seus membros, titulares ou de ser o caso suplentes. Así mesmo, formará parte das comisións de selección unha persoa representante do persoal traballador con voz e sen voto se así o solicita a propia representación sindical, a comisión ou algún dos candidatos/as, sempre e cando este requirimento se faga antes da constitución da comisión.

2.c. Declaración de posibles conflitos de intereses. O nomeamento como membro dunha comisión é irrenunciable, salvo cando concorra causa xustificada, debidamente alegada pola persoa interesada e así apreciada polo reitor.

Unha vez publicados os listados definitivos de persoas admitidas e excluídas ao concurso, dende o servizo de Persoal Docente e Investigador remitirase á presidencia e á secretaría de cada comisión a relación de candidatos e candidatas correspondente á praza ou prazas que esa comisión vaia avaliar.

Todos os membros integrantes da comisión, tanto titulares como suplentes, deberán declarar formalmente se incorren, ou non, nos supostos de conflito de intereses aos que se refire o artigo 32.4 do Real Decreto 678/2023 ou nalgún dos supostos de abstención do artigo 23 da LRXSP.

A valoración das causas alegadas corresponderalle ao reitor, que deberá resolver no prazo de tres (3) días hábiles, contados desde a recepción da renuncia, procedendo a continuación, se é o caso, ao nomeamento do suplente correspondente seguindo, de ser o caso, a lista de agarda xerada coas propostas dos departamentos. Se tampouco fosen posibles estas substitucións, o Consello de Goberno procederá á designación de novos membros titulares e suplentes, para cubrir a vacante que se produza.

2.d. Constitución e réxime de funcionamento posterior. A presidencia, unha vez recibidas as declaracións de posibles conflitos de intereses, e realizadas as consultas pertinentes cos restantes membros, convocará a quen sexa membro titular ou, de ser o caso, suplente, cunha antelación mínima de cinco (5) días hábiles, fixando lugar (hipervínculo de acceso ao Campus Remoto), data e hora para proceder ao acto de constitución.



Unha vez constituída a comisión, en caso de ausencia da persoa que exerza a presidencia, esta será substituída polo integrante de maior categoría, en caso de haber máis de un, polo de maior antigüidade, e en caso de haber máis de un polo de maior idade.

Para que a comisión poida actuar validamente requirirase a asistencia de, cando menos, tres dos seus membros entre os que figurarán obrigatoriamente as persoas que ocupen presidencia e secretaría. Os membros da comisión que estivesen ausentes da proba cesarán en tal condición, sen prexuízo das responsabilidades en que puidesen ter incorrido.

3. Baremo. Valoración da acreditación como mérito preferente.

3.a. Baremo. Aprobación, de ser o caso, de criterios específicos de valoración. No acto de constitución a comisión elaborará o baremo para a valoración dos méritos das persoas candidatas, axustándose á distribución de puntuacións recollida como anexo IV.

3.b. Publicación. A comisión fará públicos os acordos de constitución e, de ser o caso, os criterios específicos de valoración no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UVigo, e en todo caso antes do acto de presentación de candidatos e candidatas.

3.c. Valoración da acreditación. En aplicación da disposición transitoria terceira da LOSU, a acreditación vixente de profesor/a axudante doutor/a ou da figura equivalente na normativa autonómica considerárase como un mérito preferente para os efectos do acceso a esa figura de profesor/a. Segundo dispón a disposición transitoria da normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes e ás categorías de profesorado permanente laboral e axudante doutor da Universidade de Vigo, a puntuación máxima sobre 100 obtida polos candidatos e candidatas acreditadas que presenten un CV na área á que se vincula a praza de axudante doutor incrementárase en 5 puntos.

4. Acto de presentación.

4.a. Convocatoria. A presidencia da comisión convocará a quen participe no concurso ao acto de presentación cunha antelación mínima de cinco (5) días hábiles, indicando lugar (hipervínculo de acceso ao Campus Remoto), data e hora do acto.

4.b. Achega de documentación. No acto de presentación, que se fará de xeito virtual a través do Campus Remoto da Universidade de Vigo, quen sexa concursante entregará en soporte informático:

- a) O seu Curriculum Vitae Normalizado Completo (CVN) no que detallará os seus méritos e historial académico docente e investigador consonte se indica no mesmo.
- b) Un exemplar das publicacións e dos documentos acreditativos do consignado no currículo, con independencia de que a comisión poida solicitar documentación complementaria acreditativa orixinal ou compulsada.
- c) O seu proxecto docente e investigador adecuado ao perfil da praza.

A comisión valorará exclusivamente os méritos que, tendo sido alegados no currículo por quen for aspirante, estean debidamente xustificadas, sempre referidos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

4.c. Orde de actuación no acto de defensa. No acto de presentación determinarase, mediante sorteo, a orde de actuación das persoas candidatas e a comisión fixará e publicará o lugar (dependencia física e virtual da Universidade) de celebración da proba sen prexuízo do establecido no parágrafo seguinte.



Unha vez recibida toda a documentación achegada polas persoas aspirantes, a comisión avaliará os méritos de cada unha delas de acordo co baremo fixado. A comisión fará pública a puntuación provisional recibida por cada unha delas, concedendo un prazo de cinco (5) días hábiles para presentar reclamacións. Revisadas as mesmas, publicará a puntuación definitiva, citando ao acto de defensa a aqueles aspirantes que tiveran superado 54 puntos dos totais especificados no baremo. O acto de defensa deberase iniciar no prazo máximo de cinco (5) días hábiles a contar dende a publicación das puntuacións definitivas.

Todos os documentos aos que se refire este apartado se publicarán no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Universidade de Vigo.

4.d. As mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización do exercicio polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación ou, eventualmente, nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, engadindo á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberase realizar dentro dos cinco días hábiles seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso dos integrantes da comisión aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación. A comisión acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas medidas conxuntamente. Para iso terá en conta, ademais do alegado pola interesada, os dereitos dos demais aspirantes a unha resolución do proceso axustada a tempos razoables e as necesidades e intereses da universidade. Contra tal acordo non caberá recurso sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible, de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

5. Acto de defensa.

Constará dunha única proba que será pública e que consistirá na exposición oral, durante un tempo mínimo de trinta minutos e máximo de unha hora, dos méritos e historial académico docente e investigador, así como do proxecto docente e investigador presentado. A continuación, a comisión debaterá co candidato ou candidata durante un tempo máximo de dúas horas sobre os seus méritos, o seu proxecto docente e investigador e a adecuación destes ao perfil da praza obxecto do concurso.

Finalizada a proba, cada membro da comisión entregará á presidencia un informe razoado axustado aos criterios previamente fixados de cada unha das persoas aspirantes.

6. Proposta de provisión.

6.a. Contido. A proposta de provisión de prazas realizarase en base á puntuación acadada por cada candidato ou candidata e aos informes emitidos polos membros da comisión. En caso de empate recorrerase á votación, sen que sexa posible a abstención. De persistir o empate, dirimirá o voto do presidente ou presidenta.

As comisións proporán ao reitor, motivadamente e con carácter vinculante, unha relación de todos os candidatos e candidatas que superasen a proba por orde de preferencia para a contratación dun número que non exceda o número de prazas convocadas a concurso. O resto de candidatos que superasen o concurso constituirá unha lista de agarda para o suposto de que non sexa contratado o candidato ou candidata seleccionada.

6.b. Proposta de non provisión. O proceso poderá concluír con proposta de non provisión, que deberá ser suficientemente motivada.

6.c. Publicación. A comisión publicará a proposta de provisión no taboleiro electrónico da sede da Universidade de Vigo.



Sexta. Reclamacións.

1. Contra as propostas de provisión, as persoas candidatas admitidas **poderán interpoñer reclamación** perante a Comisión de Reclamacións de Prazas de Profesorado Contratado no prazo de **cinco (5) días hábiles** a contar dende o seguinte ao da súa publicación, a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>), empregando o procedemento SXER – Instancia xenérica, dirixida ao servizo de Persoal Docente e Investigador e con indicación da referencia da praza.

En calquera caso, as persoas interesadas poderán acceder con carácter previo ao expediente de conformidade cos artigos 13 e 53 da LPACAP e cos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Transcorrido o prazo de presentación de reclamacións de todas as prazas convocadas, publicárase no taboleiro electrónico e no portal de convocatorias o anuncio de prazas reclamadas.

2. Estas reclamacións terán efecto suspensivo, polo que de presentarse algunha reclamación e admitida a trámite **suspenderanse tanto o chamamento como a formalización do contrato correspondentes á praza ou prazas afectadas** ata a súa resolución definitiva.

3. O acordo da Comisión de Reclamacións de Prazas de Profesorado Contratado, que deberá ser adoptado no prazo máximo de tres (3) meses, será vinculante para o reitor, que ditará a correspondente resolución, esgotando a vía administrativa e que será notificada á persoa que reclamase.

Sétima. Resolución do concurso, chamamentos e formalización dos contratos.

1. A vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica resolverá o concurso mediante acordos de adxudicación das prazas, que se publicarán nos lugares previstos na base 9.1.

Os acordos de adxudicación poderanse publicar de xeito parcial abrangendo aquelas prazas cuxas propostas de adxudicación das comisións de acceso non fosen reclamadas no prazo establecido na base 6.1. As prazas reclamadas serán incorporadas a acordos de adxudicación a medida que a resolución das reclamacións adquiera firmeza en vía administrativa.

2. O servizo de Persoal Docente e Investigador convocará á persoa candidata segundo a orde de prelación para que, no prazo máximo de cinco (5) días hábiles, achegue copia electrónica auténtica daqueles documentos que avalen o cumprimento dos requisitos esixidos nesta convocatoria, así como a documentación necesaria para formalizar o contrato; e, de ser o caso, leve a cabo calquera outra actuación precisa para o mesmo fin.

De non levar a cabo esas actuacións no prazo indicado sen mediar causa suficiente así apreciada pola vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica, considerarase que renuncia ao contrato, convocándose á seguinte persoa na orde de prelación que figure na proposta de adxudicación.

3. A sinatura do contrato ten carácter persoal e intransferible.

Oitava. Condicións dos contratos e obrigas.

1. Consonte co previsto no artigo 78 da LOSU, os contratos de profesorado axudante doutor serán de carácter temporal e con dedicación a tempo completo e terán unha duración máxima de seis anos, computando, de ser o caso, os períodos esgotados baixo esta mesma figura contractual en calquera outra universidade.

2. Os contratos que se formalicen en virtude desta convocatoria terán as remuneracións que



se sinalan no II Convenio colectivo do PDI laboral das universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.

A prestación de servizos, e polo tanto o deveción das retribucións asignadas ao posto obtido, se iniciará na data en que se asinen os contratos, agás que neles se dispoña outra cousa, sen que en ningún caso poidan ter efectos retroactivos.

3. O período de proba será de seis (6) meses e considerárase que se supera sempre que non conste obxección contraria dentro dese prazo.

4. Consente o previsto no Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario, os contratos estarán suxeitos á Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e disposicións que a desenvolven.

Novena. Norma derradeira.

1. A publicación dos actos que integran este procedemento no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Universidade de Vigo, servirá de notificación para todos os efectos, de acordo co previsto no artigo 45.1 da LPACAP.

Con independencia dos lugares nos que regulamentariamente deban publicarse, tanto a convocatoria como os actos e acordos que integran este proceso selectivo se publicarán a título divulgativo no repositorio de convocatorias da Universidade de Vigo, no seguinte enderezo <http://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index>.

2. O tempo transcorrido entre a publicación da presente convocatoria e a resolución do concurso non poderá exceder de seis (6) meses. Para estes efectos non computará o mes de agosto.

3. As persoas participantes están obrigadas a facilitar aqueles datos e información que a Administración esixa para a tramitación e instrución deste procedemento e, en caso de non o facer, excluírase do proceso selectivo.

De conformidade co artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección de persoas físicas con respecto ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e de garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais que figuren nos ditos documentos serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, co propósito de xestionar a tramitación deste concurso, ao abeiro da LPACAP, a LOSU e os Estatutos da Universidade de Vigo.

De conformidade co disposto no artigo 45 da LPACAP, a Universidade de Vigo está lexitimada para a publicación daqueles datos persoais que fosen precisos atendendo á natureza e finalidade do acto que sexa obxecto de publicación. Non obstante, e co fin de previr riscos da publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, a persoa afectada comunicarlle esta circunstancia coa maior celeridade á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo (986 813419 e igualdade@uvigo.es).

As persoas participantes teñen dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento, así como a opoñerse a este tratamento e a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderanse exercer a través de calquera dos medios e vías previstos na súa política de protección de datos (dispoñible en <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>), incluído o envío ao seu delegado de protección de datos a través do correo electrónico dpd@uvigo.gal.



Así mesmo, se a súa solicitude non é atendida pola Universidade de Vigo, teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de Datos.

4. A convocatoria, as súas bases e cantos actos se deriven da mesma e das actuacións das comisións poderán ser impugnadas polas persoas interesadas no prazo e na forma establecidos pola LPACAP.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da LPACAP.

O REITOR,

P.D. (R.R. de 30 de maio de 2024, DOG do 10 de xuño)
A vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica
(asinado dixitalmente)

